

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o mércores, 30 de xullo de 2014, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 6/14, do 27 de xuño.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.708 á nº 14.628 de 2014.
- 3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data das sesións ordinarias de agosto e setembro de 2014.

### **Comisión de Infraestruturas: Vías e Obras Provinciais**

- 4.- Aprobación provisional da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2014.
- 5.- Aprobación do Plan de sendas peonís 2014, cuarta fase.
- 6.- Aprobación inicial da segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014.
- 7.- Aprobación técnica do proxecto da obra “Ampliación e mellora do trazado DP 5404, Pk 3,50-6,50 Xubia-Praia Frouxeira” do Concello de Narón, dentro da terceira fase do Plan de investimento de vías provinciais 2014.
- 8.- Aprobación do proxecto de terminación do proxecto modificado da obra DP 0807 Tatín a San Isidro por Moruxo 2ª fase (Bergondo).

### **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

- 9.- Aprobación do convenio co Consorcio das Mariñas para financiar o “Mantemento do servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2014”
- 10.- Aprobación do convenio coa Federación Galega de Asociacións de Atención a Persoas con Parálise Cerebral, ASPACE, para financiar “Actividades de conmemoración do ano galego da parálise cerebral-Día Mundial da Parálise Cerebral”.
- 11.- Aprobación do convenio co Concello de Carballo para financiar o “Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2014”.
- 12.- Aprobación do convenio co Concello da Coruña para financiar o “Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda no ano 2014”.
- 13.- Aprobación do convenio co Concello de Narón para financiar o “Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda no ano 2014”.

14.- Aprobación do convenio co Concello de Santiago de Compostela para financiar o “Programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda no ano 2014”.

15.- Aprobación do convenio coa Fundación Paideia Galiza para financiar o “Programa de voluntariado social en países europeos para mozos en desemprego da provincia da Coruña no ano 2014”

16.- Aprobación do convenio coa Asociación Integro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra para financiar o “Proxecto de equipamento, obras e melloras do xardín terapéutico do Centro de Recursos Integro”

17.- Aprobación do convenio coa Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia-Muros (MISELA) para financiar a “Compra dun local destinado a centro ocupacional en Noia”.

#### **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

18.- Aprobación do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o desenvolvemento de Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2013.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación da Prensa da Coruña para financiar o proxecto Estudo do nome das rúas. Comarcas da Barcala, Arzúa, Santiago e Terra de Melide: anualidade 2014.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Academia Galega de Ciencias MEC para financiar o ciclo de conferencias “XVII Avances en ciencia e tecnoloxía” durante o ano 2014.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o ciclo “A Música da Ilustración” 2014.

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o XXVIII Concurso internacional de piano “Cidade de Ferrol” 2014.

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2014.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritores en Lingua Galega para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2014.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os Cursos de Verán na sede da Coruña, ano 2014.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para financiar a “X Fase do proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da UXT e dos movementos sociais de Galicia 2014”.

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Marinada de Jóvenes Empresarios para financiar o proxecto “Propulsa a túa PEME”.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Novos Viticultores do Ulla-Umia para financiar o proxecto “Programa agrario de asesoramento vitivinícola”.

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a ONG “Solidariedade Galega” para cofinanciar o proxecto “Construción da 4ª fase do Instituto de Liderazgo de Las Segovias: cociña e comedor” no municipio de Mozonte, Nueva Segovia (Nicaragua).

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación Ayuda en Acción para o cofinanciamento do proxecto “Fortalecemento de capacidades locais para a prevención da enfermidade das chagas, na zona vulnerable de Huacaya do Chaco Boliviano”.

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Tesouros de Galicia para o cofinanciamento do proxecto “Posta en valor e comercialización do patrimonio cultural e industrial da provincia da Coruña”.

32.- Modificación do acordo de aprobación do convenio administrativo co Concello de Santiago de Compostela para financiar as actividades do “Plan de competitividade turística ano 2014”.

33.- Modificación da base 50ª de execución do presuposto da Deputación: subvencións e transferencias nominativas para o exercicio 2014. Consignación do equipamento do Auditorio de Ferrol.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ferrol para financiar o equipamento do Auditorio de Ferrol.

35.- Aprobación do convenio administrativo coa Asociación de Empresarios e de Promoción Turística de Camariñas para financiar o proxecto “Reforma do edificio de servizos do Faro de cabo Vilán”.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

36.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down da Coruña para financiar as obras de rehabilitación e construción dun novo local para a asociación.

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba para financiar a adquisición dun inmovible con construción de nave destinada a almacén e garaxe.

38.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para financiar as obras do roteiro turístico para a posta en valor do patrimonio etnográfico, cultural e natural do Val de Vimianzo.

39.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vedra para financiar a adquisición dunha parcela para uso deportivo.

40.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para financiar a limpeza e mantemento da cuberta da casa do concello.

41.- Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do local no edificio da Milagrosa e de aprobación definitiva de cesión de uso á Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

42.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Pobra do Caramiñal para financiar as obras do proxecto denominado rehabilitación fachadas e instalacións do Teatro-Cine Elma. 2ª fase.

43.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) co fin de financiar os gastos do obradoiro de viveirismo e melloras no centro de formación de Valadares-Outes. Adecuación planta 1ª.

44.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Galego de Solidariedade -Proxecto Home- co fin de financiar os gastos de obras e equipamento no predio de Bos (Guísamo-Bergondo): reformas no almacén de forraxe e naves de destete (1 e 2); obras nas vivendas (3 e 4) e adquisición de maquinaria.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

45.- Aprobación da 2ª e derradeira fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93: Unha deputación para todos os concellos.

46.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cee para o financiamento das obras de "Posta en funcionamento da Casa da Cultura de Cee. 2ª fase".

47.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento da obra de "Urbanización da parcela do C.E.I.P. en Rutis-Culleredo".

48.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros para o financiamento das obras de "Mellora da superficie de xogo do campo de fútbol de Agra da Filgueira (Louro)".

49.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia para o financiamento das obras de “Obras accesorias do edificio da piscina municipal”.

50.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira para o financiamento das obras de “Acondicionamento da Praza San Roque e outros espazos exteriores”.

51.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes para o financiamento das obras de “Mellora de pavimentos e iluminación da rúa Alexandre Bóveda”.

52.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes para o financiamento das obras de “Construción dun novo Punto Limpo”.

53.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Valdoviño para o financiamento das obras de “Reparación e mellora do firme en varias pistas das parroquias de arriba”.

54.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Valdoviño para o financiamento das obras de “Reparación e mellora do firme en varias pistas das parroquias de abaixo”.

55.- Aprobación da modificación do proxecto de obra “Remodelación da rúa Enlace Parque (Padrón) e outro” do Concello de Padrón, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

56.- Informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/06/2014 e proxección a 31/12/2014.

57.- Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 4/2014.

58.- Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2014, en aplicación do establecido na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

59.- Información do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao 2º trimestre de 2014, en cumprimento do disposto polo art. 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

60.- Aprobación definitiva da conta xeral do orzamento 2013.

61.- Informe sobre a resolución de discrepancias, art. 218 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

62.- Informe e proposta favorable a xestión municipal do servizo de limpeza viaria polo Concello de Rianxo.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre Palestina.

ROGOS E PREGUNTAS